



¿ Para cándo está previsto a realización das obras do “Proxecto de melloras no abastecemento a Vilagarcía” do subministro de auga, incluída a nova canle do Ulla?

A Corporación municipal, en sesión plenaria celebrada o pasado **25 de maio de 2006**; entre outros asuntos, acordou:

- 1º.-Aprobar o Proxecto de melloras no abastecemento a Vilagarcía de Arousa, 1ª Fase, redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal, D. Miguel Ángel Pérez López.**
- 2º.- Solicitar, á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 60% do custo das obras.**
- 3º.-Entregar os terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.**
- 4º.- Renunciar expresamente á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.**
- 5º.- Expoñer ó público o proxecto durante 20 días hábiles.**
- 6º.- Asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.**
- 7º.- Actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización (art. 9 e) do decreto 84/1997), actualización que de ningún xeito será superior ó IPC de cada ano, de acordo co contrato establecido coa empresa concesionaria do servizo.**

8º.- Ingresar o trinta por cento (30%) da anualidade, calculada de acordo coa metodoloxía sinalada, na Caixa de Augas de Galicia, ó longo dun período de vinte (20) anos, e que se destinará á reposición de infraestructuras hidráulicas ou á construción doutras novas.

9º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para solicitar o financiamento do 60% do custo das obras.

Este acordo inclúe dúas actuacións que resultan fundamentais para garantir o subministro de auga en orixe (rede primaria); e dicir, a mellora na condución da toma no Río Umia e a nova canle que traerá auga do Río Ulla, ampliando o número de fontes para o subministro de grandes caudais. Así, coa nova actuación, afrontaranse con máis alternativas e menor concentración de riscos de carestía, situacións como a que creou no pasado mes de setembro a crise no subministro producida polo sinistro da factoría Bretang, de Caldas de Reis. En todo caso, é indiscutible a necesidade de acometer esta obra no máis breve tempo posible, e sempre intentando que remate denantes do próximo verán para asegurar o completo subministro de auga potable aos domicilios e ás empresas e negocios comerciais.

É por isto que, o grupo municipal do BNG, fai a seguinte PREGUNTA:

¿ En que situación se atopa, a día de hoxe, a tramitación do **Proxecto de melloras no abastecemento a Vilagarcía de Arousa, 1ª Fase** aprobado pola Corporación municipal na sesión plenaria do pasado 25 de maio de 2006?

Vilagarcía, 24 de xaneiro de 2007

Xosé Castro Ratón

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA